



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
García González, Silvia  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Lavilla Beltrán, Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Fálagan Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B

González Santamaría, Pedro  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián  
Gómez Fariñas, Beatriz  
González López, Raquel  
Padilha Gómez, Iago  
Rico Fuentes, Juan Jesús

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

González de Prado, Begoña  
Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cambón Periscal, Ana  
Couto Cancela, Daniel  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Almón, Yasmina  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Siota Álvarez, Mónica

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 26 de xuño de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **26 de xuño de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de maio de 2019.

Apróbase a acta por asentimento.

### 2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa dos seguintes asuntos:

- Celebrouse o Consello Galego de Universidades, sobre o acordo de titulacións e o pronunciamento sobre a creación dunha universidade privada en Galicia. Estaráse vixiante respecto a este último asunto, en canto ás titulacións que se poderán implantar, de ser o caso. Os tres reitores coincidiron en rexeitar este proxecto. En canto ao acordo de titulacións, falouse da implantación de robótica e bioquímica pola USC, sen o calificativo de “agroforestal”. A Universidade de Vigo aceptaría esta situación sempre que se sancionase o acordo acadado polas tres universidades do SUG pola Consellería. Mentres tanto, a Universidade de Vigo abstívose ata que se consiga o devandito acordo.

- En relación co grao en deseño e creación, levarase ao claustro a creación dun novo centro e a designación dun decano comisario a tal efecto. Xa se falou coa Consellería, sen prexuízo da tramitación correspondente nos órganos de goberno.

- Publicáranse os resultados de contabilidade analítica correspondentes ao curso 2016-17, segundo o modelo proporcionado polo Ministerio e consonte á aplicación informática CANOA. Foi revisado pola IGAE.

**3. Aprobación, se procede, da denuncia do convenio de adscrición do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE) á Universidade de Vigo.**

O Sr. reitor da lectura a un escrito que foi xa informado positivamente de xeito unánime pola COAP. Este paso é necesario para proceder cos trámites necesarios á denuncia do convenio, de acordo coa cláusula 12 do mesmo. A razón fundamental da denuncia é a intención de crear unha universidade privada pola corporación ABANCA, asinante do convenio co IESIDE. Esta medida non afectará ao alumnado actual do centro adscrito.

O Sr. reitor subliña que a petición de ABANCA pode ser lexítima, pero que nós debemos defender os intereses da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento

**4. Aprobación, se procede, da I edición do Curso de Especialista en Tecnoloxía de Quinta Xeración e da I edición do Curso de Especialista en Delegado de Protección de Datos.**

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explica que as primeiras edicións de cursos de especialista deben aprobarse en Consello de Goberno e en Consello Social. Expón que os cursos solicitados cumpriron todos os trámites con informes favorables, incluído o da COAP. Os dous están promovidos pola Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Apróbase por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, da prórroga como profesora emérita de D<sup>a</sup>. Camiño Noia.**

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que esta solicitude chegou unha vez concluído o prazo. Consultada a Asesoría Xurídica ao respecto, sinalou que, ao non tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, podía someterse á aprobación do Consello de Goberno, ao non haber terceiros que poidan verse afectados, e comprobado que se cumpren todos o requisitos legais e formais.

Apróbase por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario de la Defensa, ubicado na Escuela Naval Militar de Marín.**

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que se trata dunha actualización do convenio de adscrición solicitada polo Ministerio de Defensa. Estivo a negociarse a modificación, que inclúe especialmente cuestións de carácter técnico, indicándose no texto remitido as principais novidades (p.e.: a cláusula sobre garantía de calidade, a cláusula sobre compromisos económicos ou a cláusula de protección de datos). O convenio non supón custo para a Universidade de Vigo.

Explicitáronse mellor outros aspectos xa recollidos na anterior versión. A modificación non implica cambios de fondo.

Apróbase por asentimento.

#### **7. Aprobación, se procede, da remisión para a súa aprobación polo Claustro Universitario da proposta de regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo.**

O Sr. Xoán Cebro pregunta polo voto por correo nas eleccións a reitor e porqué non se recolle a esixencia de que, nos casos de candidato único, deba acadar máis votos a favor que en contra no caso dun único candidato. O Sr. José Manuel Cruz fala da presentación de solicitudes nos rexistros dos centros e departamentos, no caso das eleccións a decanos e directores. O Sr. Luis Pérez fala de que o procedemento proposto debería ser diferente e que hai eivas no texto, en particular, as relativas á representación sindical (artigo 62 e 63). O Sr. Carlos Mollinedo insiste neste punto. O Sr. secretario xeral pide desculpas polas omisións e entende que pode aprobarse a remisión ao Claustro da proposta, abrindo un período de exposición pública para a recollida de emendas e opinións da comunidade universitaria e incluíndo as posibles emendas para o seu debate no devandito órgano.

Apróbase por asentimento.

#### **8. Aprobación, se procede, do cambio da data límite de entrega de actas dos Traballos de fin de Máster (TFM) no calendario do curso académico 2018-19.**

O Sr. reitor explica que se trata de adiantar a mesma proposta incluída para o calendario académico do curso que ven. En principio, está pensado para os TFM e procurarase estender aos TFG, na medida en que os servizos o consideren posible. O Sr. Juan Pardo entende que debería poder estenderse aos TFG e tamén que non hai convocatoria extraordinaria nos mestrados, o que considera obsoleto. O Sr. reitor agradece a intervención e estudiará a proposta..

O Sr. Iñigo Cuiñas fala da regularidade de modificar o calendario académico e non está de acordo. O Sr. reitor coincide coa observación xeral, pero admite que depende dos centros a decisión final, e que non se prexudica a ninguén. O Sr. García Cutrín pregunta se hai certamente ou non prexudicados, aínda que non está en contra da proposta. A Sra. Raquel González, representante do alumnado, expón unha postura favorable a aceptar o cambio proposto, entendendo que os beneficios para o alumnado son máis que os eventuais prexuízos. O Sr. Juan Pardo defende a posibilidade de aprobar a proposta, entendendo que o que pretende é aplicar xa a normativa aprobada para o vindeiro curso e que a súa escola fixo esta petición para o curso 2018/19. O Sr. Iñigo Cuiñas indica que debería prevalecer o aprobado fai case un ano. O Sr. Javier Rodríguez Berrocal sinala que a competencia para adoptar a modificación corresponde ao Consello de Goberno e que as ampliacións de prazos son correntes na administración, sempre que non haxa prexudicados. O Sr. Juan Jesús Rico pregunta sobre a extensión da matrícula no TFG/TFM en relación coas convocatorias. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara a cuestión. O Sr. Adrián Balado fala dos problemas económicos que xeran a necesidade dunha segunda matrícula no TFG/TFM e que esta modificación é unha loita dos estudantes dende fai tempo. O Sr. Juan Pardo entende que aquí trátase do cambio dunha data, simplemente. O Sr. Gil Garrote indica que no seu centro está a finalizar a data de solicitude de presentación do TFG/TFM. O Sr. Iñigo Cuiñas reitera argumentos en favor da súa postura, no sentido de que se trata dunha modificación da normativa.

Apróbase por 41 votos a favor, 1 voto en contra e dúas abstencións.

#### **9. Aprobación, se procede, do texto refundido do regulamento de axudas de custo.**

A Sra. xerenta indica que o texto é unha refundición dun texto, recollendo certas modificacións. O Sr. Rodrigo Cerviño procede a explicar as mesmas. A única intención é consolidar a normativa. O Sr. Xoán Cebro fala de certas situacións que, ao seu xuízo, son absurdas e arbitrarias en relación coa normativa. A Sra. xerenta insiste en que o texto no inclúe novidades. O Sr. Javier García Cutrín fala do punto relativo á xustificación da asistencia a congresos, sinalando que podería quitarse. O Sr. Rodrigo Cerviño sinala que o piden os auditores. O Sr. Martín Moreno, estando de acordo co espírito da petición do Sr. García Cutrín, sinala que é unha esixencia de auditoría. O Sr. Luis Pérez comenta que o tema da quilometraxe contemplada no texto presentado pode estar algo anticuada, ao proceder dun decreto de 2002. Tamén fala das axudas de aloxamento en función do grupo de pertenza, que considera deberían ser idénticas. O Sr. reitor está de acordo aínda que dubida da xustificación legal. Indica que se pode facer a consulta a Asesoría Xurídica ou que se pode ver como o fan outras universidades. O Sr. Carlos Mollinedo sinala os problemas que tivo para axustar dietas de aloxamento en certas ocasións. O Sr. reitor sinala que se examinará a suxestión.

Apróbase por asentimento.

#### **10. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2018 da Universidade de Vigo.**

O Sr. vicerreitor de Economía e o director de Administración proceden a realizar unha presentación con diapositivas relativa á execución financeira no marco do plan 2016-2020. O primeiro indica que os ingresos da Universidade en 2018 foron 185.794.372 euros, sinalando as modificacións orzamentarias que foi preciso facer, así como unha comparativa dos ingresos por capítulos entre os anos 2017 e 2018.

O Sr. Xoán Cebro quere que conste en acta a súa abstención neste punto, e remítese ao que xa dixo na Comisión de Economía e Planificación. Sinala que cumprimos as regras de gasto e que temos unha Universidade saneada segundo a Xunta de Galicia. Felicita ao anterior equipo de goberno e indica que os eventuais desequilibrios económicos ou problemas orzamentarios que poidan vir no futuro serán responsabilidade do actual equipo económico.

O Sr. reitor concorda coa felicitación ao equipo anterior, aínda que precisa o contido do punto que estase a aprobar neste momento.

O Sr. Xoán Cebro comenta certas dúbidas sobre a contabilidade de certos ingresos que lle resulta chocante, aínda que non precisa exactamente cales. O Sr. vicerreitor de Economía sinala que agradecería maior precisión, xa que nada ten que ver a contabilidade coa tesourería, subliñando a importancia da aprobación das contas de liquidación, sobre as que non se deben verter dúbidas ou alarmas que entende infundadas. Unha cousa é a liquidación corrente ordinaria do orzamento e outra a liquidación definitiva, sendo todo isto distinto da tesourería. Aclara brevemente como é o procedemento contable a seguir. Pide que calquera membro do Consello de Goberno proporcione os datos que lle consten.

O Sr. Xoán Cebro pregunta entón se a Xunta de Galicia considera que temos un déficit de seis millóns de euros. O Sr. vicerreitor de Economía indica que si, pero aclara a situación do seguinte xeito: a

Universidade de Vigo non presenta desequilibrio orzamentario nos exercicios anteriores pero si no presente. Na liquidación provisional había un saldo de máis de 395.000 euros, pero debido a un cambio de auditor, houbo unha modificación contable, que non afecta aos ingresos reais, senón ao seu reflexo contable: as contas son as mesmas en febreiro que en xuño. O desequilibrio orzamentario ao que se fai referencia, ven dado polos proxectos de investigación FEDER, que deben esperar pola súa xustificación polo Ministerio ante Bruxelas. Estamos a ser auditados nos fondos FEDER e, unha vez esteamos certificados, se reflexará o incremento contable respectivo. É un problema de difícil solución derivado da xestión dos fondos FEDER. Os plans de reequilibrio financeiro, por outra banda, non se teñen que presentar ante o Consello de Goberno. Defende o saneamento das contas da Universidade. Tamén sinala o absurdo de ter un remanente de corenta millóns de tesourería, contando coa lei de estabilidade orzamentaria.

O Sr. Xoán Cebro pregunta se hai que devolver cartos neste momento en proxectos mal xustificadas. Ademais sinala o problema de contabilidade que tivo a Universidade da Coruña. Chócalle que a Xunta de Galicia nos diga que a Universidade de Vigo non cumpre coas regras de gasto. O Sr. Martín Moreno indica que a interventora da Xunta de Galicia non sabe neste momento se incumprimos a devandita regra. O Sr. Xoán Cebro pide que o Sr. Martín Moreno proporcione ao Consello de Goberno documentación que lle remitiu a Xunta de Galicia. O Sr. Martín Moreno di que non hai problema, que esa documentación é escasa.

O Sr. reitor subliña os problemas que implica cumprir estritamente coa regra de gasto se a Universidade de Vigo ten éxito en certas convocatorias públicas. Reclama tranquilidade, no senso de que temos cartos no banco, que as xustificacións son axeitadas, aínda que as políticas de contratación de persoal iranse comendo parte do orzamento de cara ao futuro, agás que cambie o plan de financiamento da Xunta de Galicia.

Apróbase por 41 votos a favor e 1 abstención (zero votos en contra).

#### **11. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2018.**

O Sr. Rodrigo Cerviño pasa a explicar este asunto ao Consello, sobre a base de dous informes distintos, que procede a detallar.

Apróbase por asentimento.

#### **12. Aprobación, se procede, do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Facenda, e a Universidade de Vigo para o acondicionamento e a cesión das plantas quinta a sétima do edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra.**

O Sr. reitor fala da relevancia do convenio e das complexidades que se plantean dende o punto de vista administrativo. Debería haber dous convenios. As plantas entregaranse case rematadas. De todos os xeitos, hai un desfase entre a duración do convenio e a da concesión do uso. O Sr. reitor plantea se se pode aprobar o texto, delegando no vicerreitor de Planificación e Sostibilidade o remate do mesmo. O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade expón a razón de traer este convenio á aprobación do Consello, aínda que non é necesario. Amósase un vídeo do edificio.

Apróbase o convenio, delegando o seu remate no vicerreitor de Planificación e Sostibilidade.

### **13. Aprobación, se procede, do regulamento do persoal investigador honorífico da Universidade de Vigo**

A Sra. vicerreitora de Investigación describe a necesidade e os puntos fundamentais desta normativa, que se achegou co resto da documentación, e que afecta esencialmente á situación dun investigador honorífico que se atopa vinculado neste momento á Universidade de Vigo (Maurizio Battino). Foi aprobada por unanimidade pola Comisión de Investigación.

O Sr. reitor sinala que é unha ferramenta máis para atraer talento investigador á Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

### **14. Aprobación, se procede, da remisión para a súa aprobación polo Claustro Universitario, da creación do Centro de investigación en tecnoloxías e procedementos industriais (CINTECX).**

A Sra. vicerreitora de Investigación sinala que no texto da convocatoria omitiuse a X final das siglas e a palabra “enerxía” no nome do centro. Explica a xénese deste proxecto e presenta a memoria aportada, aludindo aos dez grupos incorporados. Trátase de remitir o proxecto ao Claustro Universitario. Inclúe a nominación de Ángeles San Román como directora interina.

O Sr. reitor subliña o potencial do grupo e as posibilidades de éxito na futura convocatoria da Xunta de Galicia.

Apróbase por asentimento.

### **15. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo.**

A Sra. vicerreitora de Investigación indica que se trata basicamente dunha actualización da normativa existente e procede a sinalar os cambios principais, moitos deles relativos á nomenclatura e aos criterios de selección de grupos, no que se seguiu as pautas das convocatorias da Xunta de Galicia. Modifícase asemade a composición da comisión reitora e outros aspectos varios, indicando os que foron cambiados na Comisión de Investigación, que informou positivamente o texto presentado.

O Anexo I actualizouse respecto dos centros que xa tiñamos na Universidade de Vigo.

O Sr. José Manuel Cruz fala do convenio concertado co CUD e pensa que se deben incorporar os centros adscritos na normativa. A Sra. Belén Rubio entende que se pode facer. O Sr. García Cutrín discute a necesidade de adscrición a centros ou áreas de coñecemento por parte do persoal investigador. O Sr. Míguez Tabarés explica a necesidade de dita adscrición. O Sr. Juan Pardo cuestiona a explicación, xa que hai grupos que non levan código. A Sra. Belén Rubio está de acordo coa modificación proposta. O Sr. Miguel Cuevas fala da problemática no ámbito de humanidades. A Sra. Belén Rubio xustifica que a normativa adaptouse ás esixencias das convocatorias actuais, pero que é flexible e non impide a súa adaptación as necesidades de certos ámbitos.

O Sr. reitor fala do compromiso de facer un centro plural no eido das humanidades, pero agora se precisa potenciar aos grupos.

O Sr. Antonio Collazo fala de que o seu grupo está composto por distintas áreas de coñecemento, o que non se podería reflectir se se quita a adscrición. O Sr. García Cutrín o que cuestiona é a adscrición a unha soa área. O Sr. reitor indica que debe modificarse no sentido de indicar “adscrición a unha área ou áreas de coñecemento”.

Apróbase por asentimento.

#### **16. Aprobación, se procede, do regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.**

A Sra. vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais pasa a expoñer a xenealoxía do proceso, destacando a necesidade de crear a Comisión de Política Lingüística. Trátase de potenciar o uso do galego nos centros. O Sr. Miguel Cuevas pregunta pola composición da comisión no artigo tres e porque non están representados os directores de Departamentos de ámbito lingüístico. O Sr. secretario xeral aclara que o espírito da norma é promocionar que se cren comisións de política lingüística, e que non haberá problema posiblemente para que o decano da Facultade de Filoloxía se poida presentar como membro, xa que non se cubrirán as prazas de membros natos.

Apróbase por asentimento.

#### **17. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).**

Non se presentaron candidaturas polo que non é preciso realizar eleccións.

#### **18. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante).**

Non se presentaron candidaturas polo que non é preciso realizar eleccións.

#### **19. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.**

Non se presentaron candidaturas polo que non é preciso realizar eleccións.

#### **20. Rogos e preguntas.**

Ábrese a quenda de rogos e preguntas. Intervén o Sr. Xoán Cebro para solicitar que se facilite aos membros do Consello de Goberno a documentación sobre os cumprimentos dos compromisos de estabilidade orzamentaria e a remitida pola Xunta de Galicia a este respecto e que tamén o fará a nivel sindical, de cara a unha maior transparencia. Tamén manifesta o apoio ao equipo xerencial (xerenta, vicexerente de Recursos Humanos e vicexerente de Asuntos Económicos) polo seu talante negociador e dialogante ao longo do presente curso, criticando certas afirmacións vertidas na rede sobre a súa competencia, que non especifica. Fala da necesidade de normalizar a situación da Área de Emprego e Emprendemento, sobre a que lle chegou un escrito. O Sr. reitor pídelle que aporte o escrito.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:04 h do día 26 de xuño de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral